

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de decembro de 2010**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que terá lugar o xoves, 30 de decembro de 2010, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

[1.-Desestimar as alegacións presentadas contra o cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigramas para o ano 2011 e aprobación definitiva.](#)

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

[2.-Proposta de resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública do acordo inicial de aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2011 e a súa aprobación definitiva.](#)

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE DECEMBRO DE 2010

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 30 de decembro de 2010, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **extraordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE EN AUSENCIA DO TITULAR O ILMO. SR.:

DON PABLO VILLAMAR DÍAZ BNG

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE

Non asisten os Sres. Fernández Moreda, Rama Seoane e Rey Varela.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e quince minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMAS PARA O ANO 2011 E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

#### INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. Non imos xa entrar en profundidade no debate, dado que se trata de aceptar ou rexeitar as alegacións presentadas neste caso polas distintas seccións sindicais da CIG, da UXT e pola Federación de Servizos á Cidadanía de Comisións Obreiras, en relación co acordo plenario do pasado mes de novembro, da Relación de Postos de Traballo, do cadro de persoal e dos organigramas.

Vistos os informes, este equipo de goberno propón o rexeitamento das alegacións presentadas e dar por aprobado definitivamente o cadro de persoal e a relación de postos de traballo e o organigrama, aprobados inicialmente, como dicía antes, polo Pleno na sesión do 26 de novembro do ano 2010, e dando traslado de tal acordo á Dirección Xeral da Administración Local da Consellería da Presidencia de Administracións Públicas, de Xustiza e á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública. Moitas grazas.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sras. e Sres. deputados, Sr. presidente en funcións, o Grupo Provincial Popular vai manter a súa abstención, tal como fixo no anterior Pleno de

orxamentos, por unha sinxela razón, e é non participar no debate nin coas forzas sindicais, nin con outros representantes, e vai manter esa abstención.

Aproveitamos a ocasión, xa que estamos nun día de fin de ano, e xa moi preto de empezar un novo ano, para felicitar e esperar que esta Deputación siga traballando en 2011 como ata agora o fixo.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

#### **“I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- As Seccións Sindicais nesta Deputación da CIG e da UXT, presentan ambos escritos, do 20/12/2010, contra a aprobación inicial do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2011, aprobados co tal carácter polo Pleno da Corporación do 26/11/2010.

2.- Os escritos dos reclamantes son idénticos en canto ao seu contido, fundamentando as súas reclamacións, en síntese, na cita de varios preceptos legais, incluso derogados (capítulo III da Lei 9/1987), sobre o dereito á negociación colectiva e a participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos e a súa suposta infracción, aducindo especificamente:

- O texto literal da Base 41<sup>a</sup> para a Execución do Orzamento 2011, na que se establece que “as retribucións íntegras do persoal... non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2010...”.
- Que non foi obxecto de negociación a aplicación das medidas retributivas para 2010, establecidas no R.D. Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, nin a aplicación concreta das ditas medidas, nin a aplicación da cantidade detraída como consecuencia delas, nin as modificacións, segundo os reclamantes, subseguintes da Relación de Postos de Traballo 2010 e das condicións de traballo dos empregados públicos da Deputación.

3.- Concretan os seus pedimentos en que se anule a Relación de Postos de Traballo 2011, aprobada inicialmente polo Pleno do 26/11/2010, “por ausencia de negociación”; que se incrementen as partidas orzamentarias do capítulo I; que se anule o organigrama “pola falta de negociación dentro do Plan de emprego das “modificacións substanciais

das condicións de traballo do persoal afectado pola denominada UISMT”, e a revogación do acordo unilateral da Corporación de “finalización do Plan de emprego”.

4.- Pola súa parte, a Federación de Servizos á Cidadanía do sindicato CCOO de Galicia, presenta un escrito, do 20/12/2010 (entrada no Rexistro Xeral desta Deputación do 22/12/2010), tamén contra o citado acordo plenario de aprobación inicial do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2011, fundamentando a súa reclamación, en síntese e especificamente, no seguinte:

- Falta de negociación coa representación sindical, en sentido similar ao das reclamacións dos outros dous reclamantes.
- A non adaptación á legalidade vixente das titulacións sinaladas na relación de postos de traballo coas previstas na legalidade vixente e distintas das que para postos coa mesma denominación sinalan outras administración públicas.
- A inclusión de postos de persoal laboral que terían que estar incluídos como de persoal funcionario, por corresponder as súas funcións legalmente a este persoal.
- A forma de provisión de varios postos polo procedemento de libre designación, ao considerar que non se cumpren os requisitos legais para a aplicación do tal procedemento.
- Pretensión da creación e inclusión do posto de “médico de empresa”, con fundamento na suposta vulneración da Lei de prevención de riscos laborais, e así mesmo da creación e inclusión dun posto de “inspector de tributos locais”, por consideralo obrigatorio en cumprimento do Plan de emprego 2006-2009 desta Deputación.

5.- Concreta a súa petición en que se modifiquen o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo 2011 de acordo coas súas alegacións.

6.- No expediente administrativo consta o orixinal da Acta da Mesa Xeral de Empregados Públicos da Deputación Provincial da Coruña, do 11/11/2010, coa proposta de aprobación da RPT, cadro de persoal e organigramas para 2011, da que forman parte as centrais sindicais CIG, UXT e CCOO, aquí reclamantes.

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

- En canto ás alegacións formuladas por CIG e UXT:

1º.- Dos antecedentes expostos resulta inequivocamente que, xa da simple lectura dos escritos de alegacións, a súa fundamentación inmediata é a da suposta falta de negociación para o ano 2010 da aplicación das medidas retributivas impostas polo R.D. Lei 8/2010, que as estableceu con efectos do 01/06/2010, modificando, entre

outras disposicións legais, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o tal ano 2010. Pese a tales argumentacións e fundamentacións, pretenden a anulación da aprobación da Relación de Postos de Traballo de 2011. Se a súa pretensión fose impugnar e, no seu caso, a anulación das ditas medidas retributivas e, como consecuencia, a Relación de Postos de Traballo de 2010, a reclamación sería de todo punto extemporánea, polo que procedería, sen máis, a súa desestimación por tal motivo.

2º.- En calquera caso, da aplicación conxunta do disposto nos arts. 22 e seguintes da Lei 26/2009, de orzamentos xerais do Estado para 2010, logo da modificación da súa redacción inicial en virtude do disposto no R.D. Lei 8/2010, e da Resolución do 25/05/2010, de instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de aplicación directa aos funcionarios da Administración local, resulta que as contías dos complementos específicos destes veñen claramente impostas pola tal normativa, polo que, ao tratarse de aplicación estrita da legalidade vixente na materia, non tería que ser obxecto de negociación coas representacións sindicais. A Deputación, en consecuencia, aplicou estritamente as repetidas disposicións legais.

3º.- Polo que se refire ao persoal laboral, a Deputación aplicou estritamente o disposto no vixente Convenio Colectivo, Disposición adicional primeira, que establece a unificación, na medida do posible, entre outros aspectos, das retribucións coas do persoal funcionario, aplicando, en consecuencia, idénticas medidas retributivas para ambos os dous colectivos.

4º.- Tal como é notorio, para o ano 2011, o proxecto de Lei de orzamentos do Estado establece que as retribucións dos empregados públicos non poderán experimentar incremento ningún en relación coas vixentes ao 31/12/2010, polo que en ningún caso sería posible legalmente o incremento das partidas do capítulo I do orzamento desta Deputación para 2011, no sentido pretendido polos reclamantes.

5º.- Polo que se refire ao Plan de emprego 2006-2009 desta Deputación, no seu propio título VIII. Vixencia e execución do acordo, establece a súa finalización para o 31/12/2009, polo que non pode falarse dun suposto acordo unilateral da Corporación para a súa finalización, nin da existencia de norma ningunha que prescriba nada expresamente en canto á súa finalización.

6º.- En calquera caso, o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2011 foron expresamente obxecto de negociación, tal como xa quedou exposto nos antecedentes de feito precedentes, polo que procede a desestimación íntegra das alegacións formuladas polos reclamantes.

- En canto ás alegacións formuladas por CCOO:

7º.- Polo que se refire á suposta falta de negociación, sirva tamén o sinalado nos fundamentos anteriores para as outras reclamacións. En calquera caso, consta acreditado no propio expediente a súa existencia (antecedente de feito 6).

8º.- No tocante ás titulacións, o propio art. 76 do Estatuto básico do empregado público establece precisamente para o grupo A, subgrupos A1 e A2, que “en aqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta”; en consecuencia, e polo menos ata que non se xeneralice a implantación das novas titulacións a que se refire o dito precepto, é de aplicación o disposto na normativa propia da Admón. Local, arts. 169 e seguintes do R.D. Lexislativo 781/1986, Texto refundido das disposicións vixentes do réxime local, que son as que figuran na Relación de Postos de Traballo inicialmente aprobada pola Corporación. Polo que se refire aos postos a desempeñar por funcionarios das subescalas de Administración especial, segundo a citada normativa específica para a Admón. Local, as titulacións que se fixan e os seus niveis, na técnica son as académicas ou profesionais que corresponden a cada posto segundo a clase ou especialidade de que se trate en cada caso concreto, en relación coas funcións asignadas, e na de servizos especiais as xenéricas que se corresponden coa clasificación da praza no subgrupo correspondente, tendo en conta que non se require legalmente a posesión nesta de títulos académicos ou profesionais determinados (arts. 170 e seguintes do citado Texto refundido). A Deputación, aplicou, en suma, estritamente as disposicións legais vixentes.

9º.- A Disposición transitoria segunda da Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público, sinala expresamente que “o persoal laboral fixo que á entrada en vigor do presente Estatuto estea desempeñando funcións de persoal funcionario... poderá seguir desempeñándoos”. Polo tanto, cúmprese escrupulosamente a legalidade vixente, máxime cando se trata en todos os casos de postos ocupados por persoal laboral fixo dende moito antes da entrada en vigor do citado estatuto, agás no posto de profesor de ensino secundario, que se trata do posto concreto para a materia de relixión católica, cun réxime precisamente laboral en virtude da normativa específica de aplicación (acordos Estado español coa Santa Sé).

10º.- Os postos que figuran a cubrir polo sistema de libre designación, non son outros que os que xa nas Relacións de Postos de Traballo de anos anteriores figuraban como tales, en virtude da súa cualificación como de especial responsabilidade e confianza, e tendo en conta a normativa vixente, xa que as Leis de función pública de desenvolvemento do Estatuto básico do empregado público non existen aínda, polo menos en canto se refire á Admón. Local, nin á Admón. da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que o Decreto lexislativo 1/2008 da dita comunidade é un simple Texto refundido da lei da función pública de Galicia, estando pendente aínda da súa adaptación ao citado Estatuto básico.

11º.- En canto á non existencia de posto de “médico de empresa”, é de significar que, de conformidade coa normativa vixente en canto á prevención de riscos laborais, a Deputación dispón de servizo propio con tres das catro especialidades sinaladas pola Lei 31/1995 e demais normativa de desenvolvemento, sendo así que o mínimo legal requirido é de dúas especialidades e, ademais, a citada normativa non obriga a dispoñer dun servizo médico propio, polo que, de conformidade co acordo previo do Comité de Seguridade e Saúde, no que está presente a representación sindical, a Deputación



realizou a contratación externa da especialidade de medicina do traballo, máis amplo que a de médico de empresa.

12º.- Por último, reiterar o xa exposto no fundamento 5º precedente, en canto á vixencia temporal do Plan de emprego 2006-2009. A non creación de ningún posto máis de “inspector de tributos locais” para o ano 2011, entra de cheo na potestade de autorganización da Deputación, como Admón. Pública, cuxa potestade non é susceptible de ser substituída pola do reclamante.

13º.- En calquera caso, as cuestións que suscitan todos os reclamantes, CIG, CCOO e UXT, son contra situacións xa consolidadas con anterioridade, polo menos no Cadro de Persoal e na Relación de Postos de Traballo 2010, senón anteriores, que nunca foron obxecto de impugnación por presunta ilegalidade nin pola administración do Estado, nin pola autonómica no uso das facultades que lles confire a legalidade vixente.

De conformidade coa normativa citada e demais concordante e de aplicación, e tendo en conta o informe ao respecto da Asesoría Xurídica.

Rexeitar as alegacións presentadas polas Seccións Sindicais nesta Deputación de CIG e UXT, e pola Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO, contra a aprobación inicial polo acordo plenario do 26/11/2010, do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2011.

En consecuencia, aprobar definitivamente o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2011, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 26/11/2010, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.”

## **2.-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ACORDO INICIAL DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2011 E A SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA.**

### INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente. Este punto é semellante o seu ditame ao punto anterior, xa na Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas déronse as razóns polas cales se desestiman as alegacións presentadas tamén polas dúas seccións sindicais, a CIG e a UXT, e pola Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato de Comisións Obreiras. É simplemente ratificar en todos os extremos a aprobación inicial do Pleno do 26 de novembro, tamén publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 228, do 30 de

novembro, en consecuencia aprobar definitivamente o orzamento 2011, o Orzamento provincial para o exercicio 2011 e as súas bases de execución, que se publicarán, como marca a normativa e o Texto refundido da lei de bases de réxime local por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

Indicar que contra isto non se pecha a vía administrativa, senón que, se así se considera, pódese ir á vía contencioso-administrativa. Pero quero indicar, antes de terminar a miña intervención, que é desexo deste equipo de goberno, como así o veu mantendo, mantivo a negociación coa parte social, manterá a negociación coa parte social, non a vai cerrar en absoluto, e que si tamén nos gusta ao equipo de goberno que se manteña, aínda que isto se presenta en tempo e forma, que se manteñan distintas formas, cada un que saque a conclusión que estime oportuno, distintas formas que eu creo que non foron, baixo o meu prisma, as axeitadas.

Deste expediente tamén se dará coñecemento á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda, así como ás distintas delegacións de estruturas, tanto da Administración Central, como da Administración periférica.

E uníndome á felicitación do Sr. Gacio, voceiro do Partido Popular, quero en nome do equipo de goberno desexar a todos un bo ano novo e que o ano novo nos traia a todos ventura, paz, solidariedade e sobre todo moito consenso e moito sentidiño. Moitas grazas.

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, o Grupo Provincial Popular vai manter a abstención que mantivo tamén na Comisión e máis nada.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PP)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

### **“I.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS:**

Con data do 20 de decembro de 2010 presentáronse dous escritos, de idéntico contido: o primeiro escrito está subscrito por D. Alberto Cadaveira Mahía que di representar á Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega na Deputación da Coruña (número de rexistro de entrada 69.616). O segundo escrito subscríbeo D.

Manuel Rey Piñeiro, que afirma representar á Sección Sindical da Federación de Servizos Públicos da Unión Xeral de traballadores na Deputación da Coruña (número de rexistro de entrada 69.617). Con idéntica data presentouse escrito suscrito por D. Ramiro Otero Rodríguez que di representar á Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato CCOO de Galicia (número de rexistro de entrada 69.894). Aínda que non se achega certificación dos acordos adoptados polas seccións sindicais indicadas para formular as alegacións contidas nos escritos de referencia e para outorgar a súa representación aos seus asinantes, polo principio de boa fe, pode entenderse que as persoas que asinan actúan en representación legal das seccións sindicais respectivas, xa que consta nesta Deputación a súa condición de membros dos sindicatos respectivos.

Todos estes escritos conteñen referencias, alegacións e solicitudes relativas a dous acordos plenarios substancialmente diferentes, cun contido e réxime xurídico propios, específicos e diferenciados; adoptados en diferentes puntos da orde do día da sesión ordinaria realizada polo Pleno provincial o día 26 de novembro de 2010.

- Unhas consideracións, alegacións e solicitudes refírense ao punto 5 da devandita orde do día, que tivo por obxecto a aprobación inicial do cadro de persoal, a relación de postos de traballo e o organigrama de persoal para o exercicio 2011. Este apartado foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior, tras as actuacións e informes preceptivos e foi posteriormente exposto ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, do día 1 de decembro de 2010.
- Outras consideracións refírense ao acordo adoptado no punto 21 da orde do día da sesión citada, que tivo por obxecto a aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2011 e das súas bases de execución. Este acordo foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas co contido legalmente establecido e foi posteriormente exposto ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 228, do día 30 de novembro de 2010.

As consideracións, alegacións e solicitudes que se refíren á aprobación inicial do cadro de persoal, a Relación de Postos de traballo e do organigrama para o exercicio 2011 deron lugar aos informes que se acompañan como anexo á presente proposta, emitidos polos responsables do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, polo letrado-asesor xurídico da Corporación e polo tesoureiro provincial e serán ditaminados na Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior conforme as normas de aplicación na materia.

Na presente proposta analízanse, por tanto, as consideracións, alegacións e solicitudes que se refíren ao acordo de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2011 e das bases para a súa execución, que foi obxecto do preceptivo informe da Intervención Provincial e que serán ditaminadas pola Comisión Informativa de

Economía e Facenda e Especial de Contas, conforme as normas que constitúen o réxime xurídico do orzamento das entidades locais.

Neste apartado inicial hai que engadir, ademais, que a maior parte das consideracións contidas nos escritos referidos xa foron expostas polas seccións sindicais citadas con motivo da tramitación do Expediente de modificación de créditos número 4/2010, que foron analizadas polo Pleno Corporativo no punto 22 da orde do día da sesión que tivo lugar o pasado día 26 de novembro de 2010 e desestimados polas razóns contidas na proposta da Presidencia correspondente, do 22 de novembro, que se acompaña como anexo á presente.

## **II.- ANTECEDENTES.**

A documentación que integra o expediente do orzamento xeral do exercicio 2011 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de contas na sesión ordinaria que levou a cabo o 23 de novembro de 2010.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de novembro de 2010 (punto 21 da orde do día).

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 228, do 30 de novembro de 2010 expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

O 20 de decembro de 2010 presentáronse os escritos referidos no punto anterior subscritos por representantes sindicais na Deputación da Coruña da Confederación Intersindical Galega, da Federación de Servizos Públicos da Unión Xeral de Traballadores e da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato CCOO (rexistrados de entrada cos números 69.616, 69.617 e 69.894 respectivamente), que serán obxecto da tramitación diferenciada citada no apartado de “consideracións previas”.

En relación cos escritos presentados emitíronse os informes que a seguir se indican:

- Informes do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, do 21 e 23 de decembro de 2010.
- Informes do letrado asesor xurídico da Corporación, do 22 e 23 de decembro de 2010.
- Informe da Intervención Provincial, do 23 de decembro de 2010.

### **III.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:.**

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean previstos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

- a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.
- b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigas legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do anexo de Persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están previstos.

SEGUNDO: Pola súa banda, a Lei xeral orzamentaria (aplicable supletoriamente en virtude do disposto no artigo 149.3 da Constitución española) sinala que as obrigas da Facenda Pública Estatal nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito, as xeren e o TRLFL pola súa banda establece que as obrigas de pagamento só serán esixibles cando resulten da execución do orzamento ou de sentenza xudicial firme.

O artigo 74 do Estatuto básico do empregado público aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril, establece que *“As administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os devanditos instrumentos serán públicos.”* Esta previsión é complementada polo Real decreto 861/1986 que dispón que o establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que a Corporación efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias que o propio texto legal sinala, para que

unha vez efectuada a valoración, o Pleno corporativo, ao aprobar a relación de postos de traballo, determine aqueles aos que lles corresponda o devandito complemento e a súa contía.

A determinación do complemento específico e a súa contía para cada un dos postos de traballo de cada ente local leva a cabo, despois da súa valoración, mediante a correspondente aprobación da relación destes, posto que é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto, segundo sinala o Estatuto básico do empregado público (artigo 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril). Como veu indicando a xurisprudencia (SSTS do 14 de decembro de 1990, 19 de decembro de 1991, do 11 de marzo de 1994, do 24 de xaneiro e do 25 de abril de 1995) os acordos de clasificación de postos de traballo e fixación de cadros de persoal e complementos retributivos teñen natureza normativa, atendido o seu carácter ordinamental e as notas de xeneralidade, abstracción e permanencia que concorren nas relacións de postos de traballo, xa que a relación de postos de traballo e as modificacións que nela poden efectuarse, é un acto propio da Administración que efectúa no exercicio das súas potestades organizatorias (TS 4ª SS do 30 de marzo de 1993 e do 8 de maio de 1998 citadas na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Murcia número 919/2000, do 25 de outubro).

No estado de gastos do orzamento recóllense estimacións de gastos por contratos ou por subvencións que deben tramitarse conforme as normas reguladoras dos contratos das administracións públicas ou das subvencións públicas, e os recursos administrativos ou contenciosos deben dirixirse contra os actos de adjudicación do órgano de contratación ou contra os actos de outorgamento da subvención correspondente, ou contra os actos de trámite que sexan susceptibles de tales recursos, e non contra o orzamento correspondente.

De igual modo, hase de indicar que os actos de aprobación do orzamento provincial e de aprobación da relación de postos de traballo son substancialmente distintos:

1º) Están regulados por normas substantivas diferentes:

- Ao orzamento das entidades locais refírense os seguintes preceptos:
  - 1.- Os artigos 33.2.c), 90, 112 e 113 da Lei reguladora das bases do réxime local.
  - 2.- Os artigos 168 a 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
  - 3.- Os artigos 2 a 23 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.
  - 4.- A Lei xeral de estabilidade orzamentaria e o seu Regulamento de desenvolvemento para a súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro.

5.- Os artigos 232 e 236 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

- O cadro de persoal e relación de postos de traballo regúlanse nas seguintes normas:

- 1.- Os artigos 33,90 e seguintes da Lei reguladora das bases do réxime local.
- 2.- Os artigos 126 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril.
- 3.- Os artigos 37 e 74 do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril.
- 4.- A Lei reguladora dos órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, no que non resulta derogado pola letra c) da disposición derogatoria única do Estatuto básico do empregado público.
- 5.- Tamén deben tomarse en consideración as disposicións da Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio aplicable a todo o persoal ao servizo da Administración Pública.

2º) Están sometidos a trámites e procesos propios e diferenciados, con contidos documentais e de actuacións previas específicas.

3º) Son, por tanto, acordos distintos, cuxo órgano competente é o Pleno corporativo, que se someten a exposición pública separadamente e son obxecto dun réxime de reclamacións e/ou recursos diferente e diferenciado.

En consecuencia, o orzamento provincial e, máis concretamente o seu anexo de persoal, non constitúen a canle a través do cal se pode modificar o nivel do complemento específico dun posto de traballo, senón que ten que limitarse a ser un mero reflexo cuantitativo nas correspondentes dotacións orzamentarias de gastos das determinacións contidas na relación de postos de traballo. E é que si se chegase a utilizar a canle procedemental da aprobación do orzamento para modificar o complemento específico dos postos de traballo, o acordo que se tomase podería quedar viciado de nulidade absoluta, por terse prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente previsto para aquela finalidade, cal é a modificación da RPT, despois da valoración dos postos.

O informe nº 35/2005 do letrado-asesor xurídico da Deputación emitido con motivo das reclamacións formuladas contra a aprobación inicial do orzamento da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2006, recolle nos seus apartados 2.3 e 2.5 as seguintes consideracións:

“2.3. Resulta incuestionable que, o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, establece no seu art. 170.2 que,

*Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:*

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto...*

Neste mesmo sentido pronúnciase o art. 22.2 do RD 500/1990, de desenvolvemento da Lei de facendas locais en materia orzamentaria.

Estes preceptos teñen o carácter de lexislación básica ditada polo Estado ao amparo do art. 149.1.18 CE, conforme establece o art. 1 da citada lei, interpretado polo TC na sentenza 233/99.

Os devanditos motivos de impugnación, como causas taxadas ou “*numerus clausus*”, impiden que poidan ser admitidos outros motivos que os anteriormente sinalados e, moito menos as consideracións de oportunidade orzamentaria ou de subxectividade persoal nun interese propio, lexítimo e respectable, pero orfo de fundamento xurídico ningún que o poida facer acollible, e que en calquera caso excede dos devanditos motivos de impugnación do acordo orzamentario.

Neste sentido, pronunciáronse numerosas sentenzas do noso TS, entre outras a do 12/11/1996, ao indicar que,

“...o orzamento pódese impugnar dentro do prazo establecido para o efecto e por algún dos motivos ou causas que a propia norma sinala: A) Por non axustarse a súa elaboración aos trámites establecidos nesta lei; B) Por omitir crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera título lexítimo, ou C) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes respecto das necesidades para as que está previsto, **é claro, que cando se trata, cal aquí acontece de impugnar un orzamento concreto, o do ano 1990, non pode, polo menos validamente, o recorrente, impugnar o que estime oportuno e si ha de respectar e usar os medios de impugnación previstos na norma e por tanto, concretar, dentro dos que permite a lei, o medio de impugnación que invoca e acreditar, non meramente alegar, que concorren os requisitos e datos que a norma para tal suposto tamén refire e sendo todo iso así, non se pode estimar cumprida a esixencia legal**, cando so pretexto da impugnación dun orzamento concreto, o do ano 1990, preténdase a inclusión nel de cantidades percibidas en anos anteriores, que ademais puideron e deberon ser incluídas en orzamentos anteriores e cando non se acredita, que se formulou reclamación ou impugnación sobre tales orzamentos anteriores, a salvo a do ano 1982, que a propia sentenza apelada resolve declarando, a non procedencia da súa inclusión máxime cando



a propia Lei de facendas locais, no seu artigo 154, que reproduce o contido do artigo 43 da Lei xeral orzamentaria, concreta o concepto de obriga esixible que refire o artigo 151 antes citado, dispoño, que “as obrigas de pagamento só serán esixibles da Facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior”.

2.5. Finalmente, e sen prexuízo de que procede inadmitir as reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do orzamento de 2006, sometidas á consideración deste órgano asesor, por non estar incardinadas nos motivos taxados e previstos expresamente no anteriormente citado artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo. Resulta de aplicación o disposto no artigo 110.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRXAPEPAC, no sentido de entender que as ditas reclamacións deberán tramitarse contra o acordo de aprobación do Plan de emprego, cadro de persoal e relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2006.”

TERCEIRO: Refírense os escritos de UXT e CIG á redacción dada á base 41ª de execución do orzamento para o exercicio 2011 no apartado segundo das súas alegacións e no punto 5º) das súas solicitudes.

Respecto diso hai que significar as consideracións que seguen:

- a) A redacción dada á base citada é reflexo directo do establecido no artigo 22. dous do Proxecto de lei de orzamentos xerais do estado para o exercicio 2011, que reproduce o establecido nas leis de orzamentos do Estado de cada exercicio e no Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, normas que teñen carácter básico de conformidade co establecido nestas e resultan por tanto aplicables a todas as administracións públicas.
- b) Na devandita base non se fai mención ningunha ao Plan de emprego da Deputación aprobado para o período 2006-2009 (cuxo título VIII determina a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2009)
- c) A revogación da base expresada podería ter efectos lesivos para o persoal funcionario e laboral por canto recolle unha excepción aos límites legais de crecemento da masa salarial no suposto de promoción interna para o que se contempla unha dotación orzamentaria expresa para o exercicio 2011, e recóllense distintas accións favorables para o persoal da Deputación en distintas materias (promoción interna, gratificacións, prestacións sociais, reclasificacións...), sempre supeditados aos acordos e negociacións preceptivas cos representantes do persoal funcionario e laboral.

CUARTO: Tamén se refíren os escritos indicados á ausencia de negociación cos representantes do persoal. Respecto diso hai que indicar que a dita negociación non pode referirse ao orzamento do exercicio 2011 pois tal negociación non forma parte da tramitación orzamentaria. Polo que se refire á tramitación do cadro de persoal, relación

de postos de traballo e organigrama para o exercicio 2011 as consideracións oportunas efectúanse no acordo plenario correspondente, cos fundamentos expostos polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, polo letrado-asesor xurídico e polo tesoureiro provincial. Aquí só queda apuntar:

- 1) Que os documentos citados foron sometidos á consideración dos representantes de persoal nas sesións do 11 e do 16 de novembro de 2010 da Mesa Xeral de empregados públicos da Deputación da Coruña. Acompáñanse fotocopias das actas correspondentes.
- 2) Que non se produciu a modificación de ningún elemento das retribucións básicas ou complementarias do persoal funcionario ou laboral por iniciativa de órgano provincial ningún. A Deputación limitouse a aplicar as disposicións de xeral aplicación contidas no Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, nos seus estritos termos. Pode afirmarse que calquera aplicación diferente do devandito real-decreto lei requirise non só dunha negociación previa senón unha valoración previa dos postos de traballo nos termos previstos no réxime xurídico das retribucións complementarias e, máis concretamente, do complemento específico.
- 3) Polo que respecta ao destino ou aplicación das economías que resultan da aplicación do Real decreto lei 8/2010 tampouco cabe actuación ningunha á marxe do minucioso detalle recollido no apartado un do artigo 14 do reiteradamente citado Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, que é do seguinte teor literal:

*“Un. Decláranse recursos afectados os derivados da aplicación das medidas de redución de custos de persoal nos exercicios 2010 e 2011, que se destinarán, coa orde de preferencia no que están relacionados, ás seguintes finalidades:*

- a) A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación, cando este fose negativo.*
- b) A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.*
- c) Ao financiamento de investimentos.*
- d) Cando non resulten de aplicación os apartados a) ou b), os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos apartados a), b) e c), coa mesma orde de prelación, ata a súa aplicación total.”*

QUINTO: As previsións orzamentarias para gastos de persoal do exercicio 2011 xustificanse e detallan pormenorizadamente na documentación orzamentaria a través das propostas e fichas elaboradas polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e do anexo de persoal preceptivo, conforme as normas de xeral aplicación e aos acordos e convenios vixentes e outros de carácter potestativo: retribucións básicas e

complementarias, produtividade, axuda-vivenda, bolsas de estudos, acción social, promoción interna, reclasificación dos postos de traballo, seguros de vida e accidentes... En todo caso, se fose acordada algunha retribución, axuda ou compensación adicional podería ser asumida polas dotacións de postos de traballo vacantes ou a través dos expedientes de modificación de créditos que poden tramitarse ao longo do exercicio 2011, como se fixo ao longo do exercicio 2010, todo iso logo da negociación cos representantes do persoal e de acordo coas normas de xeral aplicación a todas as administracións públicas.

SEXTO: Con data do 29 de xullo de 2010, a Dirección Xeral e Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas entidades locais do Ministerio de Economía e Facenda, fixo público un informe sobre a Resolución do 9 de xuño de 2010, da Comisión de Facendas e Financiamento Local da Federación Española de Municipios e Provincias, referente ao artigo 14 do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

No apartado III do devandito informe reitérase o destino afectado e obrigatorio dos recursos derivados da aplicación das medidas de redución de gastos de persoal nos exercicios 2010 e 2011 e conclúe indicando que *“as entidades locais que liquiden o exercicio 2009 con remanente de tesourería positivo aplicarán o aforro procedente da redución de custos de persoal de 2010 e o correspondente a 2011, á redución do endebedamento a longo prazo. Esta redución haberá de facerse antes da liquidación dos exercicios respectivos”*.

Esta limitación temporal xunto cos trámites previstos nas normas orzamentarias das facendas locais para os orzamentos das entidades locais cuxa aprobación lle corresponde ao Pleno, determina que non deban demorarse a adopción dos acordos oportunos pois tal demora neste momento representaría de feito o incumprimento das normas estatais de xeral aplicación.

A redución do endebedamento a longo prazo constitúe neste momento un obxectivo estratéxico, urxente e inaprazable para todas as administracións públicas por distintas razóns, todas elas transcendentales:

- Para reducir a carga futura por xuros dos préstamos “vivos” no orzamento provincial.
- Con obxecto de aumentar o aforro neto dispoñible para financiar os investimentos futuros necesarios para o desenvolvemento e o emprego xeral.
- Para contribuír á redución do endebedamento global da economía española de forma que se contribúa á confianza na súa solvencia financeira.
- Non cargar as xeracións futuras cunha carga financeira excesiva.

Por tanto, coherentemente con esta visión, no orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2011 contéplase un importe total de recursos destinados a amortización anticipada de préstamos de 1.000.000,60 euros procedentes das economías producidas pola aplicación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio.

SÉTIMO: O apartado 4º das solicitudes contidas nos escritos de UXT e CIG refírese ao organigrama que acompaña a documentación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo. Neste punto hai que formular distintas reflexións:

- 1) O organigrama non é máis que unha plasmación gráfica do cadro de persoal e relación de postos de traballo, que non crea nin modifica dereitos e obrigas e non contén, en consecuencia, norma ningunha.
- 2) A modificación que se produce no organigrama en relación coa Unidade de Instrución de Sancións en materia de tráfico responde a razóns estritamente organizativas que son unha materialización da potestade de autoorganización que desempeña o Pleno Corporativo.
- 3) O organigrama que acompaña ao cadro de persoal e relación de postos de traballo para 2011 non ten repercusión ningunha de natureza orzamentaria nin cuantitativa nin cualitativa. Non é un documento orzamentario e non contén magnitude ou referencia ningunha de relevancia orzamentaria

OITAVO: A segunda alegación contida no escrito do Sindicato Comisións Obreiras refírese a distintos postos de traballo de carácter laboral que deberán ser desempeñados por persoal funcionario. Respecto diso deben significarse diversas consideracións:

- 1) No orzamento provincial recóllese a situación xurídica actual da totalidade do persoal da Deputación, de conformidade co réxime xurídico vixente (persoal, relación de postos de traballo, acordo negociado do persoal funcionario, convenio colectivo do persoal laboral...) O orzamento non pode crear, modificar ou alterar a natureza xurídica dos postos de traballo e debe recoller a vixente en cada momento.
- 2) Como ben coñece o alegante, a disposición transitoria segunda da Lei 7/2007, do 12 de abril do estatuto básico do empregado público que cita no seu escrito refírese ao “persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario”, nos seguintes termos:

*“Persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario. O persoal laboral fixo que á entrada en vigor do presente estatuto estea a desempeñar funcións de persoal funcionario, ou pase a desempeñalas en virtude de probas de selección ou promoción convocadas antes de dita data, poderá seguir desempeñándoas”.*

3) Desde o punto de vista orzamentario o relevante é que estean adecuadamente dotadas as retribucións dos distintos postos de traballo pois deste xeito queda garantido o financiamento dos compromisos previsibles.

NOVENO: Tamén se refire o escrito do representante de Comisións Obreiras na súa alegación terceira ás dotacións orzamentarias das distintas partidas destinadas a complemento de produtividade do persoal recadador, do persoal funcionario e do persoal laboral. Respecto diso debe indicarse o seguinte:

1. O incentivo ao rendemento do persoal recadador responde as estimacións efectuadas polos Servizos da Tesourería Provincial en base á información dispoñible e á aplicación do criterio de cuantificación recollido para este concepto no vixente convenio colectivo do persoal laboral da Deputación da Coruña.
2. O importe asignado ao complemento de produtividade do restante persoal funcionario e laboral é o resultante de aplicar os importes atribuídos no exercicio 2010 os criterios establecidos no Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, e na Resolución do 25 de maio de 2010, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, pola que se ditan instrucións para a súa aplicación. A normativa citada non lles permite outra actuación ás entidades públicas incluídas no seu ámbito de aplicación ao tratarse de preceptos “básicos”.
3. No seu día, despois da negociación cos representantes sindicais, engadiuse a contía do complemento de produtividade fixo mensual que se viña percibindo ao complemento específico de cada posto de traballo.

DÉCIMO: A cuarta das alegacións de Comisións Obreiras refírese ao contido da base 44.6 das de execución do orzamento e respecto desta deben efectuarse as seguintes consideracións:

1. A redacción da base citada non foi obxecto de modificación ningunha e mantén o mesmo texto desde a publicación da primeira norma de aplicación, ditada respecto diso.
2. O anexo I do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, ao definir o grupo 1 refírese, entre outros, a “*subdirectores xerais e subdirectores xerais adxuntos, así como calquera outro cargo asimilado aos anteriores* “ e engade que “*no suposto dos subdirectores xerais adxuntos a asimilación será acordada, no seu caso, conxuntamente polos Ministerios de Facenda e de Administracións Públicas*”.

Na Deputación da Coruña non existen os postos de traballo citados nin os ministerios indicados, en consecuencia, procédese á asimilación correspondente

a través dos criterios propios da analoxía: a competencia asúmea o Pleno Corporativo a través do documento orzamentario e atribúeselles aos postos de traballo que teñen asignado o nivel de complemento de destino igual ou superior ao 28, que adoita ser atribuído aos subdirectores xerais e subdirectores xerais adxuntos nas distintas administracións públicas que teñen esta denominación para algún dos seus postos de traballo. Outra forma de proceder significaría considerar aos funcionarios da Administración local de peor condición ca os doutras administracións públicas.

3. Trátase dun acto favorable para o colectivo de persoal ao que se refire e cuxa aplicación non afecta a dereito singular ningún.

DÉCIMO PRIMEIRO: A alegación quinta do escrito subscrito polo representante de Comisións Obreiras preténdese fundamentar no Plan de emprego 2006-2009 e respecto diso deben efectuarse as consideracións que seguen:

1. O título VIII do Plan de emprego 2006 – 2009 establece a súa vixencia nos seguintes termos: “O presente plan de emprego aprobarao o Pleno da Corporación e executaranse as medidas de promoción interna contempladas nel, desde o 1 de xaneiro de 2006 ao 31 de decembro de 2009”.
2. O posto de traballo citado polo alegante non se atopaba entre os especificados no título IV do Plan de emprego, dedicado á promoción interna.
3. En todo caso, no orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2011 contéplase unha dotación orzamentaria específica para “promoción interna” de tal modo que si se acordara proceder a ela, a través do procedemento legalmente establecido e tras a negociación cos representantes do persoal da Deputación, tal actuación sería posible, por contar co crédito orzamentario suficiente para tal fin.

DÉCIMO SEGUNDO: A suxestión contida na alegación sexta que formula a representación de Comisións Obreiras deriva da aplicación do establecido en diferentes preceptos normativos básicos de carácter xeral (artigo 17 do EBEP, artigo 69.3 do Texto refundido da lei de función pública de Galicia e no artigo 3.5 do Real decreto 861/86, do 25 de abril) e vén aplicándose na Deputación de forma xeral.

A base 44.1 b) reproduce o indicado no artigo 3 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril. En consecuencia, a interpretación sistemática das distintas normas de aplicación fai innecesario modificar a redacción citada por canto a súa interpretación e aplicación foi, é e debe ser no futuro, a que resulta das normas de aplicación xeral citadas, cando concorran as circunstancias singulares correspondentes.

DÉCIMO TERCEIRO: A alegación sétima da representación de Comisións Obreiras refírese a un posto de traballo que non figuraba na Relación de Postos de Traballo de 2010 nin na aprobada para o exercicio 2011. Por tanto non pode figurar no orzamento provincial pois este, como se argumentou en apartados anteriores, non pode crear, modificar ou eliminar postos de traballo xa que tales labores só poden efectuarse a través do cadro de persoal e relación de postos de traballo, e debe limitarse a recoller as dotacións orzamentarias das prazas e postos recollidos no cadro de persoal e na relación de postos de traballo correspondentes.

Por outra banda debe indicarse que a normativa de prevención de riscos laborais permite distintas modalidades alternativas para a organización dos recursos para as actividades preventivas e a Deputación na actualidade conta cun contrato de prestación de servizos e cos medios necesarios a través dos cales dá cumprimento estrito ás normas de aplicación. Acompáñase como anexo ao prego de condicións e a oferta do adxudicatario, que delimitan as prestacións contratadas

### **ACORDO.**

A suspensión ou a demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2011 suporía, polo exposto, demorar o cumprimento das normas de xeral aplicación citadas ao longo desta exposición, implicaría manter uns saldos vivos para operacións de crédito a longo prazo que xerarían os xuros correspondentes e causaría por tanto un custo económico obxectivo e determinaría que o sacrificio realizado por todo o persoal ao servizo da Deputación (funcionario de carreira ou interino, laboral fixo ou temporal, persoal de emprego ou electos provinciais) non obtivese o fin previsto nas normas que o determinan.

Despois dun estudo exhaustivo das reclamacións presentadas e visto o informe emitido pola Intervención provincial, con data do 23 de decembro e o ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, o pleno acorda:

Aprobar o ditame da mencionada Comisión:

- 1) Desestimar as alegacións contidas nos escritos subscritos polos representantes das seccións sindicais da Federación de Servizos Públicos da Unión Xeral de Traballadores, da Confederación Intersindical Galega da Deputación Provincial da Coruña e da Federación de Servizos á Cidadanía do Sindicato Comisións Obreiras de Galicia, todos eles do 20 de decembro de 2010.
- 2) Ratificar en todos os seus aspectos o acordo de aprobación inicial adoptado no Pleno corporativo na sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro e

exposto ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 228 do 30 de novembro.

- 3) Aprobar definitivamente o orzamento provincial para o exercicio 2011 e as bases para a súa execución, que se publicará, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez se dea cumprimento a tal requisito, de conformidade co establecido no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e no artigo 20.3 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Contra a aprobación definitiva do orzamento provincial para o exercicio 2011 e as bases para a súa execución poderá interperse directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nas normas da devandita xurisdición, de conformidade co establecido no artigo 172.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

- 4) Do expediente definitivamente aprobado remitiráselles copia á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169.2 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007 do 2 de novembro.”



Sr. presidente

Non hai máis temas na orde do día, en todo caso como hoxe me toca o papel de presidir quero tamén darlles as felicitacións, sumarme ao que dicía o Sr. Lagares e o Sr. Adolfo Gacio, desexarlles tamén un feliz 2011, un bo ano 2011, e estamos a cerrar o 2010 e quería tamén aproveitar para agradecer, os latinos temos este certo costume de deixar moitas veces as cousas para o final, agradecer o esforzo que están a facer os funcionarios e funcionarias da Deputación para que moitos temas poidan ser feitos en prazo, antes de que finalice o ano e iso vai redundar en que eses expedientes continúen con celeridade. Máis nada e volver repetir o meu desexo de que teñan todos e todas un feliz ano. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.